



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias para a xestión do sistema de observación e predición meteorolóxica de Galicia.

Para a xestión destas competencias conta dentro da súa estrutura orgánica coa Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

(1) No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomentar que se difunda o máximo posible a información meteorolóxica e demais información deste tipo relativa a Galicia, elaborada pola Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, nos medios de comunicación en xeral e concretamente nos medios afectados polo convenio.

(2) **Antecedentes:** Segundo o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, vixente nos termos indicados na disposición transitoria primeira do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, por el que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías de la Xunta de Galicia (modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos) e na transitoria primeira do Decreto 88/2018, de 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a CMATV ten competencias para a xestión do sistema de observación e predición meteorolóxica de Galicia. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos da CMATV, fomentar que se difunda o máximo posible a información meteorolóxica nos medios de comunicación en xeral.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. constitúe un medio para alcanzar o obxectivo de





servizo público consistente en garantir a máxima cobertura da información xeográfica, social, cultural, propiciando o acceso aos diferentes xéneros de programación. A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. está interesada na información que sobre a predición meteorolóxica elabora a Consellería para Galicia, para divulgala publicamente nas emisións que realiza a través das súas canles de televisión e radio, fundamentalmente nos seus espazos de carácter informativo.

En vista do indicado convén establecer un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. para acadar o obxectivo común que conflúe en ambas institucións, relativo á información meteorolóxica, garantindo así o dereito propugnado no artigo 20 da Constitución Española de 1978.

(3) **Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2019.

(4) O convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a CMATV e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. en materia de información meteorolóxica a difundir pola televisión e radio (canles da Corporación Radio e Televisión de Galicia).

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O convenio que nos ocupa presenta caracteres inconfundibles que permiten excluílo da aplicación da normativa de contratación pública e que, en última instancia, xustifican a figura do convenio de colaboración:

- Non existe un beneficio explícito para a entidade que colabora, polo que non considera necesario promover a concorrência.
- Non existe reciprocidade de prestacións, senón que por parte da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ponse a disposición da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. información meteorolóxica que xera a CMATV mentres que a Corporación Radio e Televisión de Galicia colabora en parte dos custos soportados pola CMATV para a elaboración da mesma.





- Existe un interese común das partes na transmisión da información meteorolóxica á cidadanía, actividade que está comprendida nos fins públicos perseguidos pola Comunidade Autónoma e pola Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- Para a tramitación deste convenio observárase o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Polo tanto trátase dunha colaboración para a consecución dun obxectivo común ás partes, na que ambas realizan achegas de medios persoais e materiais, e a Corporación Radio e Televisión de Galicia realiza ademais unha achega monetaria que se canaliza por medio do presente convenio.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

(Asinado dixitalmente)

María Cruz Ferreira Costa

